

Contra o presente acordo, en virtude do disposto no artigo 171 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, os interesados poderán interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdicción.

Sen prexuízo disto, a tenor do establecido no artigo 171.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, a interposición de dito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

En Guntín a 08 de novembro de 2016.- O Alcalde, Jesús Carreira Ferreiro.

R. 3447

LUGO

Anuncio

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 26 de outubro de 2016, adoptou o acordo número 19/689 de CONTRATACIÓN DA ADQUISICIÓN DE MOBILIARIO PARA O CENTRO SOCIAL E CULTURAL VELLO CÁRCERE: Estantes para almacén de arqueoloxía (Lote 1), Cadeiras para diversos espazos culturais e zonas de reunións (Lote 2), Cadeiras para postos de traballo (Lote 3) e Mesas móbiles para salas de actividades (Lote 4). (PROXECTO 12URDIP0000 URBAN GASTOS COMPLEMENTARIOS DIVERSAS ACTUACIÓNS. (EXP. REF. 39-2016).

Por medio deste anuncio dáse a coñecer a licitación conforme as seguintes características:

1.- Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Excmo. Concello de Lugo.

b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento.

2.- Obxecto do contrato.

a) Descrición do obxecto: É a CONTRATACIÓN DA ADQUISICIÓN DE MOBILIARIO PARA O CENTRO SOCIAL E CULTURAL VELLO CÁRCERE: Estantes para almacén de arqueoloxía (Lote 1), Cadeiras para diversos espazos culturais e zonas de reunións (Lote 2), Cadeiras para postos de traballo (Lote 3) e Mesas móbiles para salas de actividades (Lote 4). (PROXECTO 12URDIP0000 URBAN GASTOS COMPLEMENTARIOS DIVERSAS ACTUACIÓNS. (EXP. REF. 39-2016).

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: urxente

b) Procedemento: aberto

4.- Tipo de licitación: . O prezo estimado dos contratos (prezo de licitación) ascende a:

- LOTE 1. ESTANTES PARA ALMACÉN DE ARQUEOLOXÍA: 6.000,00 € máis o 21% IVE - 1.260,00 € - resultando un total de 7.260,00 euros (IVE incluído).
- LOTE 2. CADEIRAS PARA DIVERSOS ESPAZOS CULTURAI E ZONAS DE REUNIÓN: 26.500,00 € máis o 21% IVE - 5.565,00 € - resultando un total de 32.065,00 euros (IVE incluído).
- LOTE 3. CADEIRAS PARA POSTOS DE TRABALLO: 3.000,00 € máis o 21% IVE - 630,00 € - resultando un total de 3.630,00 euros (IVE incluído).
- LOTE 4. MESAS MÓBILES PARA SALAS DE ACTIVIDADES: 5.500,00 € máis o 21% IVE - 1.155,00 € - resultando un total de 6.655,00 euros (IVE incluído).

4.2.- O valor estimado total do contrato tendo en conta a os lotes existentes ascende á cantidade de 41.000,00 euros.(IVE incluído).

5.- Garantías: definitiva 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE.

6. Condicións especiais de execución:

Obtención de documentación e información.

a) Entidade: Concello de Lugo, Servizo de Contratación e Patrimonio.

b) Domicilio: Ronda da Muralla, 197.

c) Localidade e c.p.: Lugo, 27002

d) Teléfonos: (982) 29-73-01, 29-71-45.

e) Telefax: (982) 29-72-59.

f) Dirección internet: www.lugo.gal (perfil do contratante).

g) Data límite de obtención de documentos e información: Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

7.- Requisitos específicos do contratista.

a) Outros requisitos: Os sinalados no prego de condicións

8.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.

a) Data límite de presentación: O prazo de presentación de proposicións será de oito días naturais contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

b) Documentación que hai que presentar: A que figura na cláusula décima do prego de condicións.

c) Lugar de presentación:

1ª Entidade: Concello de Lugo, Oficina de Rexistro ou ben nos lugares establecidos no prego de condicións.

2ª Domicilio: Ronda da Muralla, 197

3ª Localidade e c.p.: Lugo, 27002

9.- Apertura das ofertas.

a) Entidade: Concello de Lugo

b) Domicilio: Ronda da Muralla, 197 (3ª Planta)

c) Localidade: Lugo

d) Data: ó primeiro día natural ó remate do prazo de presentación de proposicións. Se dito día coincidise en sábado ou festivo a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

10.- Outras informacións: As que se recollen no prego de condicións.

11.- Gastos dos anuncios: 82,29 euros que serán por conta do Concello.

Lugo, 9 de novembro de 2016.- A ALCALDESA, P.D. TENENTA-ALCALDE DA AREA Ana Prieto Nieto

R. 3448

Anuncio

Exposición ao público

A través de Decreto número 16008187 aprobouse o padrón correspondente ás taxas pola prestación do servizo de xantar no fogar correspondentes ao mes de xuño de 2016, que se expoñen ao público no Servizo de Servizos Sociais, sito na Ronda da Muralla, 197, durante o prazo de quince días hábiles, contados dende o seguinte, tamén hábil, da publicación deste Edicto no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento, sen prexuízo do disposto no artigo 63 da Ordenanza fiscal xeral. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria e o seu pagamento realizarao por domiciliación bancaria autorizada a persoa solicitante do servizo, por escrito, no momento da concesión.

O período voluntario de pagamento fíxase nun mes dende a aprobación da correspondente taxa: dende o día 31 de outubro ata o día 1 de decembro de 2016(ou inmediato hábil posterior se aquel fose festivo).

Advírtese que, transcorrido o prazo voluntario de ingreso sen efectuar o pagamento das débedas, estas xerarán o 5% da recarga executiva ata o inicio do procedemento de constrinximento, coa recarga, xuros e custas que se puidesen producir a partir dese momento.

Lugo, 2 de novembro de 2016.- A TENENTA DE ALCALDE DELEGADA DA AREA DE BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE E INCLUSIÓN (Decreto nº 16005312 do 5 de xullo de 2016), Ana María González Abelleira

R. 3449
